

**PUBLICIDADE DOS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA 1º E 2º DE ESO.**

O alumnado será avaliado tendo en conta os seguintes aspectos:

APARTADOS	NOTAS	
<b>PROBAS ESCRITAS</b>	<p>De 0 a 8 puntos.</p> <p>Realizaranse dúas probas na 1ª e na 2ª avaliación, e un <b>exame final</b>, dividido en dúas partes, na 3ª.</p> <p><i>Non se poderá aprobar cunha nota por debaixo de 3 no apartado de exames.</i></p>	<b>80% da nota final</b>
<b>LECTURAS</b>	<p>Programarase <b>un libro de lectura para cada avaliación</b>. A demostración da lectura, mediante un control escrito ou oral con preguntas sobre o argumento, ou ben un traballo sobre o libro, será <b>indispensable para superar a materia</b>.</p>	<b>10% da nota</b>
<b>TRABALLO, PARTICIPACIÓN E COMPORTAMENTO</b>	<p>Valorarase o traballo diario, a realización das tarefas, a limpeza e claridade no caderno e o bo uso do material escolar; o esforzo por mellorar, a participación e as actitudes respectuosas. Valoraranse negativamente a non realización das tarefas, as actitudes que impidan ao resto dos compañeiros unha aprendizaxe axeitada, a actitude pasiva, e calquera comportamento inadecuado na aula ou, de realizárense, nas actividades extraescolares relacionadas coa área.</p> <p>Con cada valoración negativa descontarase <b>-0,1</b> e por cada positivo sumarase <b>+0,1</b>, ata un máximo de 1 punto por avaliación.</p>	<b>10% da nota</b>
<p><b>A cualificación final de cada avaliación será a suma das puntuacións obtidas en cada apartado.</b></p> <p><b>A nota final obterase da puntuación acadada na derradeira avaliación, así como da progresión do alumno ou alumna durante o curso académico. A nota será numérica.</b></p>		

**OBSERVACIÓNS:**

- *A avaliación pretende valorar o esforzo e o traballo diarios polo que será **continua e formativa**, polo tanto **non hai recuperacións por avaliación** e os contidos vistos en cada trimestre poderán ser materia de exame na avaliación seguinte.*
- *Nas probas escritas baixarase 0,05 por falta de ortografía e presentación-expresión ata un máximo de 1 punto. Nos controis de lectura escritos, así como nos traballos, descontarase 0,05 por faltas graves ata un máximo de 0,5 puntos.*

- *A lo longo do curso o alumnado poderá ter que realizar traballos individuais ou en grupo cuxo tema será proposto pola profesora, quen informará tamén da avaliación e puntuación dos mesmos.*

#### **AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN NA PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO**

Os alumnos e alumnas que non superen a materia de Lingua Galega e Literatura na avaliación final do mes de xuño serán avaliados en setembro a través dunha proba escrita e dun control de lectura.

**PROBA ESCRITA:** versará sobre os contidos vistos ao longo do curso. A profesora entregará no mes de xuño, xunto co boletín de notas, a relación de contidos de lingua e de literatura que serán obxecto de avaliación na convocatoria de setembro. Esta proba suporá o 90% da nota final.

**CONTROL DE LECTURA:** os alumnos terán que ler con carácter obligatorio un libro de lectura marcado pola profesora do que serán avaliados a través dun breve cuestionario sobre o seu argumento. Este control suporá un 10% da nota final.

#### **PROCEDIMENTO DE RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE**

Os alumnos e alumnas que teñan a materia de Lingua Galega e Literatura pendente serán avaliados en base a:

- **Caderno de traballo:** as actividades deberán estar correctamente realizadas e o propio caderno debe presentarse no prazo estipulado completo, limpo e organizado.
- **Probas parciais:** Para observar a evolución do alumno/a (a determinar segundo o traballo no caderno).
- **Probas finais:** Realizaranse dúas sesión de avaliación, unha ordinaria en xuño e outra en setembro, tendo lugar as probas no mes de maio e en setembro, respectivamente.
- **Cualificación.** O caderno de traballo será puntuado ata 1 punto e a proba escrita, ata 9 puntos.

Xove, 16 de setembro de 2015

A profesora,

Asdo. \_\_\_\_\_